

Barómetro da cultura galega III

Xullo de 2021

DOI 10.17075/bcg.03.2021

1. Introducción

Este novo informe vén a completar unha serie de estudos¹ promovidos polo Consello da Cultura Galega co fin de investigar a influencia da pandemia do virus SARS-CoV-2 e a enfermidade da COVID-19 nas empresas do sector cultural en Galicia. O presente documento constitúese como a terceira edición do Barómetro da Cultura Galega, cuxas primeira e segunda partes foron publicadas en xullo de 2020 e marzo de 2021 respectivamente. Se o primeiro barómetro deixaba constancia dos problemas das empresas culturais galegas para afrontar a severa caída da súa facturación

¹ http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_O-sector-do-libro-galego-perante-a-crixe-da-COVID-19.pdf

http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_O-sector-da-musica-popular-en-Galicia-perante-a-crixe-da-COVID-19.pdf

http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Influencia-da-COVID-19-nos-habitos-culturais-da-poboacion-galega.pdf

http://www.consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Barometro-da-cultura-galega-I.pdf

http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2021_Barometro-da-cultura-galega-II.pdf

.....

e o aumento de despedimentos, no segundo detectábase certa mellora e proxectaba algúns sinais de adaptación á “nova normalidade”. A elaboración deste terceiro barómetro permitirá observar a evolución das empresas do ámbito da cultura en Galicia ao longo dos máis de dezaseis meses transcorridos dende que comezou a crise sanitaria.

1.1. A terceira edición do estudo

O estudo sobre o impacto da crise sanitaria e económica da COVID-19 sobre as empresas do sector cultural galego formulouse como un barómetro con metodoloxía panel co que se pretendía facer un seguimento sobre a situación das devanditas empresas no transcurso da crise xerada a raíz da pandemia da COVID-19. O presente documento dá conta do resultado da terceira edición do estudo, realizada en xullo de 2021, seis meses despois da segunda e un ano despois da primeira, levada a cabo en xullo do pasado 2020.

Como en todo estudo panel, tratouse de contar coa colaboración das mesmas empresas que participaron na primeira onda, pero, como tamén resulta habitual neste tipo de estudos, non é posible un mantemento do 100% dos participantes, polo que un pequeno número deles deben ser substituídos. Neste caso puido contarse de novo coa concorrencia de 239 das 300 empresas que conformaron a mostra do mes de xaneiro, pois 22 rexeitaron participar de novo, 27 adiaron a súa colaboración repetidas veces, excedendo o tempo dispoñible para a realización dos traballos de campo, e as 12 restantes non puideron ser contactadas telefonicamente.

En canto a estas últimas 12 empresas, cómpre precisar que nuns casos ninguén respondeu ao teléfono nos múltiples intentos realizados, noutros o número non correspondía a unha empresa do sector cultural, senón a outro tipo de empresa ou a un domicilio particular, e noutros a liña non existía, segundo a locución automática da compañía telefónica correspondente. En consecuencia, é moi probable que sexan empresas que pecharon nestes últimos 6 meses, pero nin se conta coa constancia dese peche nin coa da causalidade entre a crise da COVID-19 e a súa inactividade.

En todo caso, preséntanse a continuación os resultados da terceira onda do estudo, extraídos das respostas de 300 empresas representativas do sector cultural galego, das que o 79,7% participaron na anterior edición.

1.2. A mostra do estudo

Coma nas dúas ondas anteriores, o sector de actividade das 300 empresas que compoñen a mostra desta terceira edición do estudo do impacto da COVID-19 sobre as empresas da cultura galega axústase ao deseño mostral previo.

De forma coherente á distribución de cada grupo no universo empresarial do sector cultural galego, no que atinxe ao sector de actividade o 44% das empresas participantes nesta terceira edición do estudo dedícase aos libros e á prensa, o 27% ás artes visuais, o 16,7% ás artes escénicas e o 12,3% ao sector audiovisual e multimedia.

Empresas segundo o seu sector de actividade (%)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Libros e prensa	43,9	44,7	44,0
Artes visuais	26,7	26,7	27,0
Artes escénicas	16,8	16,3	16,7
Audiovisual e multimedia	12,5	12,3	12,3

Fonte: Elaboración propia

Por volume de facturación, segundo os datos máis recentes dispoñibles, o 30,3% facturou entre 150.000 e 499.999 euros, o 29,7% entre 50.000 e 149.999 euros, o 22,3% menos de 50.000 euros e o 17,7% 500.000 euros ou máis.

Empresas segundo o volume de facturación no último ano dispoñible (%)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Menos de 50.000 €	21,5	22,7	22,3
De 50.000 a 149.999 €	28,4	28,7	29,7
De 150.000 a 499.999 €	31,0	30,7	30,3
500.000 € ou máis	19,1	18,0	17,7

Fonte: Elaboración propia

Dada a elevada porcentaxe de empresas que repetiron a súa participación no estudo entre as anteriores ondas e a terceira, os datos relativos ao número de persoas empregadas mantívose en valores similares nos tres estudos. Deste xeito, entre as empresas enquisadas seguen a predominar as de menor tamaño en canto a número de traballadores e o peso porcentual de cada treito é menor canto maior é o volume de persoal que refire. Porén, se entre a primeira e a segunda, onde se constataba un incremento do peso relativo das empresas correspondentes aos dous volumes de persoal máis baixo en detrimento dos dous treitos máis altos –o que se podía interpretar como un indicador de que se estaba a destruír emprego no sector–, entre a segunda e a terceira onda os datos permanecen moito máis estables. As posibles previsións de recortes de persoal, que se analizarán máis adiante neste informe, permitirán observar se a destrución de emprego constatada nas dúas ondas anteriores semella estar finalmente a frearse.

Empresas segundo o seu número de empregados (%)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
1 ou 2 empregados	34,0	39,0	39,3
De 3 a 5 empregados	27,4	29,7	29,7
De 6 a 10 empregados	20,5	18,0	17,3
Máis de 10 empregados	18,2	13,3	13,7

Fonte: Elaboración propia

Estas características, que describen a grandes trazos o tipo de empresas sobre as que se aplicou o estudo, son empregadas como variables de cruzamento na explotación estatística das demais variables da investigación, o que permitirá unha análise segmentada que explore as posibles diferenzas no grao de afectación que esta crise está a provocar nos diversos tipos de empresas do eido cultural galego.

1.3. Os contidos do informe

Tras esta breve introdución, o presente informe artéllase en tres apartados máis. En todas aquelas variables empregadas nalgunha das dúas anteriores edicións do estudo procederáse a unha comparación cos datos entón recollidos.

.....

O apartado 2 presta atención á situación actual das empresas atendendo ao “grao de normalidade” da súa actividade (pechadas ou sen actividade, abertas pero cunha actividade limitada, abertas e con actividade normal), á porcentaxe de persoal que está en activo, á porcentaxe de quen se atopa en situación de teletraballo e, ao fío desta medida, á valoración que merece o traballo dende o fogar por parte das empresas que o aplicaron e a percepción que impera respecto do seu posible mantemento cando se supere a crise sanitaria.

Ademais do teletraballo, observarase neste capítulo que foron aplicadas outras medidas nas empresas do sector para afrontar os desafíos da pandemia, cunha especial atención aos expedientes de regulación temporal de emprego, recollendo información non só sobre a porcentaxe de empresas que botaron man deles, senón tamén sobre o tipo de ERTE máis utilizado (xornada parcial ou completa) ou a porcentaxe dos cadros de persoal aos que afectou.

Para coñecer o impacto da COVID-19 nas empresas, o apartado 3 comeza analizando o grao de afectación da facturación, comparando a facturación real no primeiro semestre do presente 2021 coa do primeiro semestre de 2019, ano inmediatamente anterior á pandemia. Tamén se comparará a facturación estimada polas persoas enquisadas para o conxunto de 2021 coa facturación real de 2019. Neste apartado prestarase atención, ademais, ao tipo de problemas que están afrontando as empresas, atendendo principalmente a cuestións relacionadas co funcionamento cotián dos negocios (problemas de tesouraría, problemas de financiamento, provisión de insumos, fluxos de demanda, condicionantes xurídicos etc.).

Neste capítulo analízanse tamén unha serie de variables relacionadas co emprego. Recóllese información sobre a porcentaxe de empresas que nalgún momento dende a chegada da pandemia tiveron que axustar o cadro de persoal con despedimentos e sobre o posible grao de recuperación do emprego destruído ao longo da pandemia, observando se puideron facer novas contratacións e se o cadro de persoal actual é igual, menor ou mesmo maior que o de finais de 2019. Ao afondar no impacto da crise no emprego, analizarase tamén a probabilidade de que as empresas participantes no estudo acometan novos recortes de persoal nos vindeiros meses e o volume de traballadores que se verían afectados.



Outro aspecto tratado neste apartado 3 é o relacionado con posibles investimentos previstos antes da pandemia e que, a causa desta, puideron ser adiados ou mesmo desbotados. Continúa cunha análise da visión que as empresas mostran con respecto ás axudas recibidas das administracións e a valoración das medidas adoptadas a prol do eido empresarial segundo os distintos niveis administrativos (estatal, autonómico e local), para rematar recollendo as opinións e expectativas das persoas enquisadas sobre o efecto que o financiamento concedido pola Unión Europea para a recuperación económica de España poida ter, en concreto, sobre as empresas do sector cultural.

O último apartado indaga nas perspectivas de futuro a curto e medio prazo das empresas enquisadas recollendo información sobre cantas delas contemplan a posibilidade de pechar nos próximos meses, cantas abordan o futuro inmediato confiando na recuperación do sector e o prazo en que pensan que se produza esa recuperación, como cren que esta crise afectará á percepción da sociedade sobre as empresas da cultura galega, que medidas consideran que terían un impacto positivo sobre o sector ou que oportunidades poden vir aparelladas a esta crise de cara ao futuro. Analizaranse tamén neste apartado as previsións das persoas enquisadas sobre a posible incidencia a curto prazo nas empresas do sector das medidas de desescalada do control da pandemia.

2. A situación actual e as medidas adoptadas

Este apartado detense no actual escenario das empresas do sector cultural galego: a análise da súa actividade, a situación do emprego e o papel que está a desempeñar o teletraballo nos cadros de persoal, así como as novas medidas adoptadas (ERTE, quendas ou modificacións dos horarios laborais, redución de actividade, axudas ou cesamentos da actividade etc.). O estudo ten como horizonte temporal a terceira onda da pandemia, que principiaba a mediados de xaneiro e que practicamente se solapou coa baixada da onda anterior. Ademais, polos datos obtidos tamén se poderá percibir se a finalización da vixencia do estado de alarma, o 9 de maio de 2021, ten algunha influencia no sector.

2.1. Actividade na actualidade

Se ao cumprirse un ano da chegada da pandemia a Galicia os indicadores do estudo do barómetro da segunda onda permitían detectar unha certa mellora e apuntaban cara a unha futura volta á normalidade das empresas do sector cultural galego, nesta terceira onda conséntase unha nova mellora neses indicadores e, polo tanto, un pequeno paso máis nese avance cara a unha recuperación, á que aínda non se lle pode poñer data.

Un deses indicadores que seguen a mellorar os seus datos é o da situación actual das empresas. Se entre xuño de 2020 e xaneiro de 2021 a porcentaxe de empresas “cunha actividade normal” mellorara en case 9 puntos, dende xaneiro ata o presente mellorou noutros 12 puntos adicionais, de xeito que están nesa situación o 66% das empresas enquisadas. Este incremento prodúcese fundamentalmente grazas á redución da porcentaxe de empresas que están cunha actividade limitada.

Malia esa innegable mellora, non se pode obviar que a porcentaxe de empresas en situacións de “anormalidade” resulta aínda moi elevada dado que se sitúa no 34%: o 28,7% permanece “cunha actividade limitada e o 5,3% atópase “sen actividade”.

Como se acaba de indicar, redúcese en 2,4 puntos a porcentaxe das que se atopan “sen actividade” (5,3%), se ben, como xa se comentou na introdución, é probable que todas ou boa parte das participantes en ondas anteriores que non puideron ser localizadas desta volta cesaron a súa actividade. Isto incrementaría esta porcentaxe mais, ao non participar nesta quenda do estudo, non é posible cuantificalo con exactitude. En todo caso, non se pode esquecer que o cesamento de actividade temporal ou definitiva pode estar infrarrepresentado na mostra xa que, por definición, é moi difícil contactar coas empresas nesta situación.

Empresas segundo a situación en que se atopan nestes momentos (%)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Coa actividade normal	43,2	54,0	66,0
Cunha actividade limitada	49,2	38,3	28,7
Sen actividade	7,6	7,7	5,3

Fonte: Elaboración propia

Pero a porcentaxe de empresas con actividade normal é moi dispar segundo o seu sector pois, mentres que supera o 70% no caso dos libros e prensa (72%) e as artes visuais (76,5%) e se sitúa no 62,2% no audiovisual e multimedia, fica no 36% no caso das artes escénicas, sector que segue a ser o máis prexudicado pola pandemia (o 20% das súas empresas está "sen actividade", valor que non chega ao 3% nos tres sectores restantes). A nota positiva para o sector das artes escénicas é que tamén nel se empeza a notar certa recuperación, pois en xaneiro as empresas cunha actividade normal eran o 18,4% e as que estaban sen actividade o 38,8%.

A porcentaxe de empresas cunha actividade normal é tamén maior canto maior é a súa facturación; pasa do 52,2% das que non chegan aos 50.000 euros ao ano ao 84,9% das que facturan de 500.000 euros en diante. Esa peor situación das empresas máis pequenas en termos económicos vese tamén reflectida na porcentaxe das que permanecen inactivas (o 13,4% das que non chegan aos 50.000 euros, porcentaxe que nos seguintes treitos non chega ao 5%, permanecendo no 1,9% no treito de maior nivel, medio millón de euros en diante). Esta tendencia quedaba recollida tamén na anterior onda do estudo.

Un segundo indicador deste avance no proceso de adaptación á “nova normalidade” é un novo incremento na porcentaxe de empresas con todo ou case todo o seu cadro de persoal en activo, é dicir, das que teñen traballando entre o 76% e o 100% de traballadores. Ese incremento é de 5,3 puntos dende xaneiro (ata o 82,3%), pero súmase ao incremento de case 10 puntos que se observara entre a primeira e a segunda onda, polo que, pese á ralentización da evolución, segue en proceso de melloría.

Empresas segundo a porcentaxe do cadro de persoal que está actualmente traballando (incluído teletraballo) (%)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
0%	7,6	7,3	5,0
Entre o 1% e o 25%	6,9	1,7	2,7
Entre o 26% e o 50%	12,5	9,3	5,3
Entre o 51% e o 75%	5,6	4,7	4,7
Entre o 76% e o 100%	67,3	77,0	82,3

Fonte: Elaboración propia

Ademais, na porcentaxe de traballadores en activo déixanse sentir diferenzas segundo o sector pois, mentres que contan con entre o 76% e o 100% do seu persoal o 87,1% das empresas dedicadas aos libros e a prensa, o 88,9% das do sector das artes visuais e o 78,4% das do audiovisual e multimedia, só se atopan en tal situación o 62% das dedicadas ás artes escénicas, ao tempo que o 20% das empresas das artes escénicas permanecen co 100% do seu persoal inactivo, porcentaxe que non chega ao 3% nos restantes tres sectores. En todo caso, tamén aquí se observa unha limitada recuperación deste sector, pois en xaneiro estas cifras eran do 46,9% e do 32,7% respectivamente.

Tamén se aprecian diferenzas por nivel de facturación, xa que son as que se atopan no treito máis baixo, menos de 50.000 euros, as que en menor medida contan con todo ou a maioría do seu persoal en activo (79,1%, fronte ao 90,6% das que acadan ou superan o medio millón de euros).

Finalmente, a situación en que todo ou a maior parte do cadro de persoal está en activo está máis estendida canto máis reducido é o volume de persoal (pasa do 78% das que teñen máis de 10 empregados/as ao 85,6% das que só teñen 1 ou 2).

Todas estas tendencias xa foran identificadas na segunda onda do estudo.

2.2. O emprego do teletraballo

A porcentaxe de empresas que contan con persoal en situación de teletraballo continúa coa súa paulatina redución ao situarse no 22,3%, 3,7 puntos menos que na segunda onda e 7,7 menos que ao comezo da serie temporal.

En canto ás razóns indicadas para non facer uso desta posibilidade, comprobouse que o 48,7% indica que non teñen persoal en teletraballo porque esta modalidade non é compatible coa actividade da empresa, porcentaxe só medio punto inferior á da segunda onda. Tamén se reduciu lixeiramente a porcentaxe de empresas que alegan que non necesitan teletraballar pois só contan cun empregado (7%, 2 puntos menos) e a das que non o fan por estar en situación de inactividade (4%, 1,7 puntos me-

nos). Incrementouse, en cambio, a porcentaxe de empresas que din que tiveron persoal en teletraballo pero que xa se reincorporou (9,3%, fronte ao 2,7% de xaneiro deste ano) e a das que alegan outras razóns que, pola súa singularidade e reducida porcentaxe de mención, non merecían constituír categorías de resposta diferenciadas (8,7%, 1,7 puntos máis).

Empresas que nestes momentos contan con persoal en situación de teletraballo e motivos en caso negativo (%)

Resposta	Motivo	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Si		30,0	26,0	22,3
	O teletraballo non é viable na actividade da empresa	44,2	49,3	48,7
	Houbo persoal en teletraballo pero xa se reincorporou	7,3	2,7	9,3
Non	Só traballa unha persoa	3,3	9,0	7,0
	A empresa está sen actividade	2,6	5,7	4,0
	A empresa non estaba preparada para o teletraballo	5,0	0,3	0,0
	Outras razóns	7,6	7,0	8,7

Fonte: Elaboración propia

O sector do audiovisual e multimedia segue a ser o que máis está a empregar o teletraballo (manténdose no 45,9% da segunda onda) e o dos libros e prensa o que menos (13,6%, variando en só 2 décimas o valor de xaneiro). O sector dos libros e a prensa continúa sendo o que en maior medida alega a imposibilidade de teletraballar dada a súa actividade (59,8%, fronte ao 24,3% do sector audiovisual e multimedia). Pero cabe resaltar que desta volta destacan tamén as empresas das artes escénicas ao citar esta imposibilidade (58%), incremento que pode asociarse en parte ao feito de que neste sector pasa do 28,6% ao 12% a porcentaxe das que indican que non teñen persoal en teletraballo por estar inactivas. Aínda así, o sector das artes escénicas segue a ser o que en maior medida indica a inactividade como razón para non facer uso do teletraballo (o citado 12%, fronte a valores que nos tres sectores restantes non chegan ao 3%).

A porcentaxe de empresas que contan con persoal en situación de traballo en remoto é máis elevada no seu maior treito de facturación (o 30,2% das que facturan 500.000 euros ou máis ao ano). A porcentaxe máis baixa é a que achegan as que facturan entre 50.000 e 149.999 euros (15,7%).

En relación co teletraballo, quíxose saber tamén a porcentaxe do cadro de persoal afectado por este sistema de traballo en cada empresa. Descontada a porcentaxe de empresas que non están a botar man do traballo a distancia (77,7%), obsérvase que a maioría destas empresas ten en situación de teletraballo entre o 1% e o 25% do seu cadro de persoal (1 punto máis que a comezos de ano). Reduciuse, en cambio, a porcentaxe de empresas con máis do 75% do seu cadro de persoal traballando en remoto (6,7%, 3 puntos menos) e a das que teñen entre o 26% e o 50% (5,3%, 2 puntos menos). Con estes datos, semella que co paso dos meses se vai reducindo a porcentaxe de empresas coa maior parte do persoal en teletraballo, en beneficio das que só contan cunha pequena parte de traballadores nesta situación.

Empresas segundo a porcentaxe do cadro de persoal que está teletraballando actualmente (%)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
0%	70,0	74,0	77,7
Entre o 1% e o 25%	9,6	6,7	7,7
Entre o 26% e o 50%	8,3	7,3	5,3
Entre o 51% e o 75%	2,0	2,3	2,7
Entre o 76% e o 100%	9,6	9,7	6,7
Ns/Nc	0,7	0,0	0,0

Fonte: Elaboración propia

Se para a análise segmentada se atende de forma agregada ás dúas categorías que indican máis do 50% do persoal en teletraballo, obsérvase que os sectores dos libros e prensa e das artes escénicas son os que en menor medida contan con máis da metade do cadro de persoal traballando en remoto (5,3% e 6%, respectivamente) e os que máis sinalan non ter ningún traballador nesa situación (86,4% e 80%, respectivamente). Fronte a estes sectores, o do audiovisual e multimedia é o que menos empresas ten sen ningún traballador en teletraballo (54,1%) e o que máis ten con máis do 50% do persoal nesa situación (16,2%).

Por facturación, son as empresas dos dous treitos máis baixos as que en maior medida teñen máis da metade do persoal en teletraballo (13,4% – menos de 50.000 euros– e 10,1% –de 50.000 a 149.999 euros–, fronte ao 6,6% ou o 7,5% dos dous treitos superiores).

O 62,7% das empresas enquisadas perciben efectos positivos no traballo a distancia, porcentaxe que supera en 5 puntos a da segunda onda e acada o valor máis alto na serie temporal. Malia este incremento, cómpre sinalar tamén un incremento na resposta negativa, a que afirma efectos algo ou moi negativos no teletraballo, que se sitúa no 16,4% das empresas, 3,6 puntos máis que en xaneiro. Este aumento, tanto da opinión favorable como da desfavorable, é posible grazas á redución da resposta neutra e da non resposta, o “Ns/Nc”. En calquera caso, os datos seguen a evidenciar que entre as empresas da cultura galega que fan uso do traballo a distancia predomina –e mesmo medra– unha visión claramente positiva dos efectos teletraballo.

Empresas segundo a súa opinión dos efectos do teletraballo tras esta experiencia práctica co traballo en remoto (%)

	1ª onda (xullo'20)	2ª onda (xan'21)	3ª onda (xullo 21)
Moi positivos	18,7	11,5	16,5
Algo positivos	41,8	46,2	46,3
Neutros	18,7	28,2	20,9
Algo negativos	14,3	7,7	14,9
Moi negativos	4,4	5,1	1,5
Ns/Nc	2,2	1,3	0,0

Fonte: Elaboración propia

Se se analizan as respostas nominais como valoracións nunha escala do 1 ao 5, na que o 1 é a peor valoración e o 5 a mellor, estas empresas puntuarían o teletraballo cun valor medio do 3,61, é dicir, 1 décima máis que na segunda onda (3,52); mellora lixeiramente a puntuación claramente positiva que as empresas do sector fan do traballo en remoto.

Empresas segundo a súa opinión dos efectos do teletraballo tras esta experiencia práctica co traballo en remoto (Escala de 1 a 5)

	Media	Desviación típica
1ª onda (xullo'20)	3,57	1,10
2ª onda (xan. 21)	3,52	0,98
3ª onda (xullo 21)	3,61	0,98

Fonte: Elaboración propia

A puntuación media atribuída ao teletraballo polas empresas que o manteñen acada valores máis elevados naqueles sectores en que é máis

habitual (3,82 no audiovisual e multimedia e 3,68 nas artes visuais, en contraste co 3,20 das empresas dedicadas ás artes escénicas). Por nivel de facturación a puntuación máis baixa rexístrase entre as empresas que non chegan aos 50.000 euros anuais (3,31, fronte a valores por riba do 3,6 dos tres tramos restantes).

Se ben se foi reducindo progresivamente a porcentaxe de empresas do sector cultural galego con algún persoal en situación de teletraballo, entre elas segue a medrar o peso relativo das que afirman que manterán esta modalidade máis aló da fin da crise sanitaria. De feito, esa porcentaxe incrementouse en 17,4 puntos dende xaneiro, despois de facelo en 7,3 puntos entre a primeira e a segunda onda do barómetro. Non só se reduciu a resposta negativa senón tamén a dubitativa, que caeu dende o 19,2% ata o 10,4%, polo que tamén semella que se está dissipando a incerteza a este respecto.

Empresas segundo a posibilidade de manter o teletraballo máis alá da crise sanitaria (%)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Si	44,0	51,3	68,7
Non	35,2	29,5	20,9
Tal vez	20,9	19,2	10,4

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás empresas que contan con persoal en situación de teletraballo (1ª onda: 91; 2ª onda: 78; 3ª onda: 67)

A resposta afirmativa –a que sostén que manterán o teletraballo despois de superada a pandemia– supera o 60% nos catro sectores. Por facturación comprobouse que supera o 70% entre as empresas que facturan menos de 150.000 euros (fronte ao 56,3% das que facturan medio millón ou máis); e, por volume de persoal, entre as que contan con só 1 ou 2 empregados (neste caso a resposta afirmativa chega ata o 85,7%).

2.3. Medidas adoptadas para afrontar a crise

Outro indicador que permite albiscar unha clara tendencia das empresas do sector cultural galego cara á normalidade é o incremento da porcentaxe das que non están a aplicar ningunha medida para afrontar a crise (do 5,3% de xullo do ano 2020, chegouse ao 34,9% en xaneiro de 2021, para acadar o 50,7% nesta terceira onda).

Consecuentemente, entre as que si están mantendo algunha medida para afrontar a situación provocada pola pandemia as máis habituais fóronse aplicando cada vez menos co paso dos meses. É o caso do mencionado teletraballo e tamén o caso dos ERTE (que pasaron do 38,6% da primeira onda ao 12,7% da actualidade), así como do establecemento de quendas ou modificación do horario laboral (do 27,4% ao 11,3%) ou da redución de actividade (do 36% ao 11%).

En todo caso, a medida que mostrou un maior abandono dende a primeira onda ata a terceira foi a do cesamento de actividade da empresa. En xullo do pasado ano dicían que adoptaran tal medida nalgún momento dende a chegada da pandemia o 61,4% das empresas, porcentaxe que no presente fica no 4,3%, aínda que, unha vez máis, cómpre lembrar que se trata dun valor inferior ao real, pois parte das empresas cesadas xa non son localizables para os efectos de estudos ou estatísticas.

As demais medidas son aplicadas actualmente por menos do 6% das empresas. Así as cousas, o teletraballo é a única das posibles medidas para facer fronte á crise que se mantén actualmente por riba do 20% e só outras tres superan o 10%.

**Empresas segundo as medidas adoptadas para afrontar a situación actual
(RESPOSTA MÚLTIPLE)**

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Teletraballo	37,3	26,2	22,3
ERTE	38,6	14,1	12,7
Quendas ou modificación de horario laboral	27,4	25,5	11,3
Redución da actividade	36,0	21,5	11,0
Axudas a autónomos	4,6	4,0	5,3
Cesamento da actividade da empresa	61,4	8,1	4,3
Modificación do calendario laboral	13,5	8,7	3,7
Vacacións	5,6	5,0	3,7
Permiso retribuído recuperable	4,0	1,0	1,0
Bolsa de horas	2,6	0,7	0,0
Outra/s	5,9	0,0	1,7
Ningunha	5,3	34,9	50,7
Nc	4,3	4,7	0,0

Fonte: Elaboración propia

O ERTE destaca entre as empresas das artes escénicas (16%) e resulta máis habitual canto maior é o volume de facturación.

O establecemento de quendas ou modificación do horario laboral é moi empregado polas empresas do sector audiovisual e multimedia (21,6%, fronte a valores de arredor do 9-10% das empresas dedicadas aos libros e a prensa ou ás artes visuais).

A redución de actividade é unha medida máis empregada polas empresas das artes escénicas e o audiovisual e multimedia (24% e 21,6%, respectivamente), pero tamén polas de menor nivel de facturación (14,9%).

De forma análoga á doutras medidas que tamén supoñen unha afectación no nivel de actividade (o ERTE, a redución de actividade, as vacacións...), o cesamento de actividade da empresa está a ser máis empregado no sector das artes escénicas (16% fronte a porcentaxes que se sitúan por debaixo do 3% nos restantes sectores). Polo tanto, constátase que o sector das artes escénicas non só foi o sector máis afectado pola crise da COVID-19, senón que tamén é o que máis está a tardar en recuperarse, se ben cómpre destacar que tamén neste eido se rexistran notables melloras con relación aos datos de xaneiro.

Con respecto dos ERTE, comprobouse que nestes meses non só se reduciu lixeiramente a porcentaxe de empresas que están a facer uso deste recurso, senón que tamén se rebaixou a intensidade destes. Se a comezos do presente ano o tipo de ERTE máis habitual entre as empresas que optaron por esta medida era o de xornada completa, pasados seis meses ambos os tipos equilibraron en boa medida o seu peso relativo; mesmo prevalece agora o ERTE parcial (44,7%, é dicir 20,9 puntos máis que en xaneiro, polo que se sitúa 6,6 puntos por riba do que afecta ao total da xornada).

O 13,2% das empresas en ERTE optou por unha modalidade mixta (parte do persoal en ERTE de xornada completa e parte en ERTE de xornada parcial).

Empresas segundo o tipo de ERTE que aplicaron (%)

2ª onda (xan. 21) 3ª onda (xullo '21)

ERTE de xornada parcial	23,8	44,7
ERTE de xornada completa	59,5	42,1
Ambos	16,7	13,2
Total	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás empresas que no momento da enquisa estivesen aplicando un ERTE (2ª onda: 42; 3ª onda: 38)

En canto ao volume de persoal afectado polos ERTE, obsérvanse valores moi similares aos da segunda onda, aínda que se poden apuntar lixeiras reducións na porcentaxe de empresas que figuran en cada treito. A única categoría que se incrementou foi a das empresas que non están en ERTE (do 61,4% da primeira onda pasouse ao 86% da segunda e ao 87,3% da actual). En calquera caso, pódese apuntar que a resposta máis habitual nesta variable é a que sinala entre o 26% e o 50% do persoal en ERTE (5,7%, 0,6 puntos menos que nas dúas ondas anteriores).

Empresas segundo a porcentaxe do cadro de persoal ao que lle afectou o ERTE (%)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo '21)
0% (A empresa non está en situación de ERTE)	61,4	86,0	87,3
Entre o 1% e o 25%	2,0	2,0	3,0
Entre o 26% e o 50%	6,3	6,3	5,7
Entre o 51% e o 75%	4,6	2,0	0,7
Entre o 76% e o 100%	25,1	3,7	3,3
Ns/Nc	0,7	0,0	0,0

Fonte: Elaboración propia

A análise por segmentos pon de relevo que son as empresas do sector dos libros e a prensa as que en maior medida manteñen máis da metade do persoal en ERTE (6,1%, fronte a valores que non chegan ao 3% nos tres sectores restantes).

3. O impacto da COVID-19

Este apartado centra a atención na repercusión que a terceira onda da crise da COVID-19 está a ter sobre as empresas culturais galegas e máis concretamente nas cuestións vinculadas coa facturación dos negocios, recortes dos cadros de persoal e previsión de investimentos. Tamén se abordan algúns dos principais problemas cos que se enfrontan os empresarios de xeito cotián: caída de clientela, dificultades de tesouraría, limitación de capacidade dos locais, cumprimento dos requisitos de medidas de seguridade e hixiene, trabas de financiamento etc. Outro dos aspectos tratados neste apartado ten que ver coa habilitación de axudas e medidas económicas adoptadas polas administracións públicas (apoios estatais, autonó-

micos e municipais) e o impacto da aprobación dos fondos europeos para a recuperación económica.

3.1. Impacto sobre a facturación

A pandemia da COVID-19 afectou moi negativamente á actividade das empresas do sector cultural e iso tivo o seu reflexo inmediato na súa facturación real e mesmo nas súas expectativas a curto prazo, como se puido observar nas dúas ondas precedentes do estudo.

Ao comparar a porcentaxe de facturación do primeiro semestre de 2021 en relación co mesmo período de 2019 e 2020, vólvese atopar un novo indicio de recuperación das empresas do sector cultural. Os datos mostran que, mentres que a mediados de 2020 o 37,6% das empresas experimentaran caídas de máis do 75% con respecto ás cifras de 2019, esa porcentaxe é agora do 9%. Tamén se reduciu o valor correspondente á caída de entre o 51% e o 75% (do 23,1% ao 18%).

Incrementouse, como consecuencia disto, a porcentaxe de empresas con caídas inferiores. Así, pasou do 19,8% ao 31% a porcentaxe das que experimentaron unha caída de entre o 26% e o 50% con respecto ao primeiro semestre de 2019 e do 11,6% ao 17,7% a das que indican caídas de menos do 26%. Se na primeira onda só un 5,6% das empresas afirmaba que non vira afectada a súa facturación, esa porcentaxe é agora do 19% (un 13% non a veu afectada e un 6% incluso mellorou as súas cifras con respecto a aquel ano).

Pese ao positivo desta evolución, a segunda conclusión que se extrae dos datos é que a facturación real das empresas nesta primeira metade do ano 2021 vén aínda moi marcada pola pandemia, pois o 75,7% das empresas enquisadas segue a padecer unha facturación inferior á de 2019, das que un 27% relata perdas de máis do 50% respecto daquel ano.

Empresas segundo o impacto da crise da COVID-19 sobre a facturación do negocio (comparación da facturación real do primeiro semestre 2019 / 2021) (%)

	1ª onda (xullo 20) Facturación real no 1º semestre 2019	3ª onda (xullo 21) Facturación real no 1º semestre 2021
Incremento da facturación 0% (Ningún efecto)	5,6	6,0 13,0



Redución de entre o 1% e o 25%	11,6	17,7
Redución de entre o 26% e o 50%	19,8	31,0
Redución de entre o 51% e o 75%	23,1	18,0
Redución de entre o 76% e o 100%	37,6	9,0
Ns/Nc	2,3	5,3

Fonte: Elaboración propia

Por sectores, as caídas de máis do 50% na facturación dos seis primeiros meses deste exercicio en comparación con 2019 destacan entre as empresas das artes escénicas (indican tal caída o 58% delas, porcentaxe que non pasa do 15,9% no sector dos libros e a prensa ou do 22,2% no das artes visuais). Esa caída de máis do 50% é especialmente indicada polas empresas do treito de facturación máis baixo (35,8%).

No extremo contrario, as empresas que en maior medida afirman que incrementaron a súa facturación son as do sector audiovisual e multimedia (10,8%, fronte ao 0% das artes escénicas). Ese incremento é máis habitual canto maior é a facturación das empresas (do 3% das empresas do treito máis baixo ao 9,4% das empresas do treito máis elevado).

A evolución positiva apréciase tamén nas expectativas relativas ao conxunto de 2021. Se se comparan coas expectativas das empresas para 2020, expresadas en xullo dese ano, obsérvase de novo unha redución das porcentaxes correspondentes ás categorías que indican maiores caídas: no treito de redución de máis do 75%, pasouse do 16,2% ao 6,7% e no do 51% ao 75% as cifras pasaron do 27,4% ao 13,3%, polo que, se en xullo de 2020 un 46,6% das empresas estimaba unha redución da facturación superior ao 50% ao final de ano, esta cifra baixa agora ata o 20% en relación coa facturación estimada para o conxunto de 2021.

Os datos tamén mostran que se en xullo do pasado ano só o 3,3% das empresas podía manter a expectativa de non ter perdas na facturación, no presente esa resposta subscríbea o 16,7%, ao tempo que un 6% mesmo espera un incremento con respecto a 2019, é dicir, un 22,7% das empresas do sector cultural espera non verse prexudicado pola crise no conxunto do ano 2021.

**Impacto da crise da COVID-19 sobre a facturación do negocio
(comparación da estimación da facturación anual 2019 / 2021)**

	1ª onda (xullo 20) Facturación estimada para conxunto do 2019	3ª onda (xullo 21) Facturación estimada para conxunto do 2021
Incremento da facturación		6,0
0% (Ningún efecto)	3,3	16,7
Redución de entre o 1% e o 25%	15,2	26,7
Redución de entre o 26% e o 50%	29,4	23,3
Redución de entre o 51% e o 75%	27,4	13,3
Redución de entre o 76% e o 100%	16,2	6,7
Ns/Nc	8,6	7,3

Fonte: Elaboración propia

Tamén no terreo das expectativas son as empresas das artes escénicas as que achegan os peores datos (o 46% cre que en 2021 facturará menos do 50% que en 2019, porcentaxe que non pasa do 12,1% no sector dos libros e a prensa). Por facturación, son de novo as empresas que non chegan aos 50.000 euros as que expresan esas malas expectativas (25,4%, fronte ao 13,2% das que facturan de medio millón de euros en diante).

Coma no caso da facturación real no primeiro trimestre, tamén na expectativa para o conxunto do ano son as empresas do audiovisual e multimedia as que en maior medida confían nun incremento con respecto a 2021 (10,8%, fronte ao 2% das artes escénicas). Esa expectativa é máis habitual canto maior é o nivel de facturación das empresas (do 3% das que non chegan aos 50.000 euros ao 9,4% das que acadan ou superan os 500.000 euros).

3.2. Problemas actuais das empresas ante a crise da COVID-19

Para coñecer os problemas aos que están facendo fronte as empresas do sector cultural pedíuselles ás empresas enquisadas que sinalasen aqueles que máis lles están a afectar dunha lista de posibilidades xa pechada, pero que inclúe unha categoría residual en aberto para incorporar calquera cuestión non contemplada a priori no cuestionario. Algúns deses problemas presentaron porcentaxes de mención moi similares nas tres medicións do estudo, mentres que outros experimentaron fortes variacións, froito dunha realidade moi voluble ao longo da pandemia, en función das medidas de contención adoptadas en cada momento.

O cesamento ou caída da actividade da clientela por problemas de demanda ou caída de pedidos segue a ser, con notable diferenza, o problema máis citado polas empresas do sector cultural, cunha porcentaxe só 5,3 puntos inferior á de xaneiro (74,7%). Tamén se mantén como segundo problema máis citado o das dificultades de tesouraría (38%, se ben esta porcentaxe baixa noutros 4,3 puntos, para acumular un descenso de 15,1 puntos dende o primeiro estudo). Dende xaneiro mantense inalterado, en cambio, o terceiro máis citado nestes momentos, o que se refire ás limitacións de capacidade dos locais (32,3%).

En cuarta posición sitúanse as dificultades para pagar impostos e seguros sociais (29,3%), se ben presentan unha redución de 6 puntos porcentuais (10 dende o primeiro estudo).

Outros tres problemas que son agora menos frecuentes son os da distribución (19,3%, 5 puntos menos), a inseguridade xurídica (15,7%, 3,3 puntos menos) e as dificultades de financiamento (15,3%, 7,4 puntos menos).

Só dous problemas presentan hoxe maiores porcentaxes que en xaneiro: o relacionado cos provedores (carencias de subministracións ou servizos externalizados), que se incrementa en 1,7 puntos ata o 22%, e os problemas para cumprir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene, que pasan do 6,7% de xaneiro ao 10% actual.

Empresas segundo os problemas aos que se enfrontan como consecuencia da COVID-19? (% "Si")

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Cesamento ou caída da actividade da clientela (problemas de demanda, caída dos pedidos)	81,5	80,0	74,7
Problemas de tesouraría	53,1	42,3	38,0
Problemas derivados das limitacións de capacidade dos locais	21,8	32,3	32,3
Dificultades para pagar impostos e seguros sociais	39,3	35,3	29,3
Problemas cos provedores (carencias de subministracións e/ou servizos externalizados)	30,0	20,3	22,0
Problemas de distribución	28,7	24,3	19,3
Inseguridade xurídica	19,8	19,0	15,7
Problemas de financiamento (préstamos, bancos etc.)	25,1	22,7	15,3
Problemas para cumprir os requisitos das medidas de seguridade e hixiene	13,5	6,7	10,0
Incerteza	0,0	4,0	0,7

Outros	2,6	3,7	2,3
--------	-----	-----	-----

Fonte: Elaboración propia

O cesamento ou caída da actividade da clientela mostra unha incidencia moi dispar por sectores pois, mentres que o padecen o 90% das empresas das artes escénicas, tal porcentaxe non pasa do 64,9% entre as empresas do audiovisual e multimedia.

Tamén os problemas de tesouraría lles aféctan principalmente ás empresas das artes escénicas (cítanos o 54%, valor que se sitúa entre o 30,9% e o 37,8% nos tres sectores restantes). Por facturación, os problemas de tesouraría aféctanlles dun xeito similar ás empresas dos tres treitos de menor facturación (valores entre o 40,7% e o 42,7%, que contrastan co 20,8% das empresas que facturan de medio millón de euros en diante).

Como cabía esperar, o sector das artes escénicas é tamén o máis afectado polas limitacións de capacidade dos locais (citan este problema o 70% das empresas deste sector, fronte a valores de arredor do 20-21% das empresas dedicadas aos libros e a prensa ou ás artes visuais).

Como aspecto intimamente relacionado cos problemas de tesouraría, tamén se atopan as dificultades para pagar impostos e seguros sociais, que están a ser máis frecuentes entre as empresas das artes escénicas (40%, en contraste co 21,6% das que se dedican ao sector audiovisual e multimedia). Por outro lado, atendendo á segmentación por volume de facturación, obsérvase que as empresas cunha facturación de 500.000 euros ou máis son as que menos padecen esta dificultade (fano o 15,1%, mentres que a mención deste problema supera o 28% nos restantes treitos).

As empresas das artes escénicas son tamén as que máis citan os problemas cos provedores, pero desta volta con apenas diferenzas coas dedicadas aos libros e á prensa (26% e 25,8%). O contrapunto márcano de novo as do sector audiovisual e multimedia, ao seren as que menos citan este problema (só o 8,1%).

Por último, tamén os problemas de distribución son máis comúns entre as empresas das artes escénicas (44%, fronte a porcentaxes entre o 10,8% e o 16,7% dos tres sectores restantes). O mesmo acontece coa inseguridade xurídica (34%, en claro contraste cos valores entre o 8,1% e o

14,8% dos demais sectores), os problemas de financiamento (30% fronte a 9,9% –artes visuais–) e os requisitos das medidas de seguridade e hixiene (20%, mentres que nos demais sectores os valores non pasan do 8,6%).

3.3. Recortes de persoal

Entre a segunda e a terceira onda do estudo, a porcentaxe de empresas que tiveron que reducir os seus cadros de persoal con despedimentos mantivo a súa tendencia de lixeiro crecemento (2,6 puntos máis dende xaneiro, que se suman aos 3,5 puntos que medrara entre xullo e xaneiro), o que evidencia que a pesar da paulatina adaptación á nova situación, aínda quedan empresas en serias dificultades que teñen que recorrer ao despedimento. O dato recollido a través deste indicador sinala que o 15,3% das empresas da cultura galega tiveron que prescindir de traballadores nalgún momento dende o inicio da pandemia.

Empresas segundo a necesidade ou non de reducir o cadro de persoal durante a pandemia (%)

	Houbo despedimentos	Non se despediu a ninguén
1ª onda (xullo'20)	9,2	90,8
2ª onda (xan,'21)	12,7	87,3
3ª onda (xullo 21)	15,3	84,7

Fonte: Elaboración propia

Como resulta lóxico á vista da súa maior afectación polos problemas analizados no apartado anterior, as empresas das artes escénicas son tamén as que en maior medida tiveron que facer recortes nos seus cadros de persoal (fixéronos o 24% das que figuran na mostra de estudo, porcentaxes que nos demais sectores se manteñen entre o 10,8% e o 14,8%). A porcentaxe de empresas que acometeron despedimentos nalgún momento dende a chegada da pandemia é maior canto maior era o volume previo do seu persoal.

O anterior indicador recollía a porcentaxe de empresas que tiveron que botar man do despedimento como medida de adaptación nalgún momento desta crise pero, dado que xa no anterior estudo se comezaban a albiscar certos síntomas de recuperación –confirmados nesta terceira onda–, quíxose analizar se esta recuperación se deixaba notar tamén na recuperación do emprego.

Nese sentido, os datos indican que un 12% das empresas reduciu os seus cadros de persoal por mor da pandemia en relación cos seus datos de decembro de 2019 (o 11% das empresas fixeron algún despedimento desde o inicio da pandemia e co paso dos meses non fixeron ningunha nova contratación, ao tempo que un 1% adicional si fixo algunha contratación pero non puido recuperar aínda o volume de persoal anterior). Pero tamén se observa que un 2,3% fixo despedimentos, pero con novas contratacións posteriores volveron ter o volume de persoal anterior. Mesmo houbo un 1% que, tras ter que botar man dos despedimentos, hoxe en día superou coas novas contratacións o volume de persoal do que prescindira. Polo tanto, e aínda que se confirma a destrución de emprego no sector, tamén se constata a existencia de empresas que están a recuperar o emprego previamente destruído.

Empresas que despediron persoal e que volveron contratalo posteriormente (3ª onda – xullo 21)

	Nº de empresas	Porcentaxe
Non se despediu a ninguén	254	84,7
Despediuse persoal pero non se fixeron novas contratacións	33	11,0
Despediuse e contratouse, pero ten menos persoal que antes	3	1,0
Despediuse e contratouse, e ten o mesmo persoal que antes	7	2,3
Despediuse e contratouse, e ten máis persoal que antes	3	1,0

Fonte: Elaboración propia

A porcentaxe de empresas que despois de realizar despedimentos xa recuperou ou mesmo superou o seu volume de persoal anterior á pandemia destaca no sector das artes visuais (7,4%, fronte ao 0,8% dos libros e prensa ou o 2% das artes escénicas) e nas empresas con maior facturación (5,7% fronte ao 1,5% das empresas do nivel máis baixo). Finalmente, a porcentaxe de empresas que pese a realizar despedimentos xa recuperou ou incluso mellorou o seu nivel de persoal é maior canto maior era o volume previo de traballadores (pasa do 4,5% das que só tiñan 1 ou 2 traballadores ao 7,3% das que tiñan máis de 10).

A pesar dos axustes de persoal producidos no sector e que, como se acaba de comentar, certas empresas xa están a recuperar emprego, tamén segue presente a posibilidade de que nos próximos meses se continúe

afondando na destrución de emprego no sector cultural galego, pois, ao preguntarlles ás empresas se contemplan a posibilidade de facer novos despedimentos nos próximos meses, a resposta afirmativa acadou o 9%. En todo caso, cómpre destacar que se trata dun valor considerablemente inferior ao 17,3% que se rexistraba en xaneiro ou ao 17,8% de xullo do pasado ano, polo que tamén este indicador apunta cara a unha certa mellora da situación.

Empresas segundo a posibilidade de redución do seu cadro de persoal nos vindeiros meses (%)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Non	74,3	73,7	85,0
Si	17,8	17,3	9,0
Ns/Nc	7,9	9,0	6,0

Fonte: Elaboración propia

A previsión de despedimentos é especialmente elevada entre as empresas do sector das artes escénicas –sendo unha vez máis o sector que achega os peores datos–, pois contempla a posibilidade de prescindir de persoal nos próximos meses o 24%, fronte a porcentaxes que non pasan do 7,4% nos outros sectores.

Ademais de que se reduce a porcentaxe de empresas en risco de ter que despedir, tamén se reduce o número de traballadores dos que prescindirían. Así o testemuña a táboa correspondente, segundo a cal se reduce a porcentaxe de empresas que despediría a máis de 10 empregados (pasa do 13% da primeira onda ao 0% da última) e se segue a incrementar a das que só despedirían 1 ou 2 traballadores (do 51,9% de xullo do pasado ano pasouse ao 67,3% de 2021, para chegar ao 77,8% no presente).

Empresas segundo o número de traballadores aos que lle podería afectar o despedimento (%)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo '21)
1 ou 2 empregados	51,9	67,3	77,8
De 3 a 5 empregados	22,2	13,5	11,1
De 6 a 10 empregados	5,6	1,9	3,7
Máis de 10 empregados	13,0	7,7	0,0
Ns/Nc	7,4	9,6	7,4

Fonte: Elaboración propia

Variable filtrada. Aplícase só ás empresas que cren que nos próximos meses poden ter que reducir o cadro de persoal con despedimentos (1ª onda: 54; 2ª onda: 52; 3ª onda: 27).

3.4. Repercusións sobre os investimentos previstos

Nos últimos seis meses incrementouse en 2,7 puntos a porcentaxe de empresas que adiaron a realización dalgún investimento que tivesen previsto, mentres que se reduciu en 5,6 puntos a das que desbotaron definitivamente algún dos investimentos que pensaban facer. Non desbotaron nin adiaron ningún investimento o 44,7% das empresas, 3,4 puntos máis que en xaneiro.

Empresas que adiaron ou desbotaron a posibilidade de realizar algún investimento a causa da crise da COVID (%)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo '21)
Adiárona	32,0	31,0	33,7
Desbotárona	16,8	25,3	19,7
Non contemplaron esta posibilidade	31,7	41,3	44,7
Ns/Nc	19,5	2,3	2,0

Fonte: Elaboración propia

Segundo a análise por sectores, as empresas do audiovisual e multimedia son as que en maior medida adiaron investimentos (48,6%) e as das artes escénicas as que en maior medida os desbotaron de forma definitiva (40%).

3.5. Valoración das medidas adoptadas polas administracións públicas

Coma nas dúas ondas precedentes do estudo, tamén nesta terceira edición se quixo coñecer a puntuación que, nunha escala do 0 ao 10, conceden as persoas enquisadas ao apoio prestado por cada un dos niveis da Administración pública. Pese á mellora nas medias das administracións estatal e autonómica, os datos volven achegar puntuacións medias inferiores ao 5 nas tres administracións: a administración autonómica mellora en case 6 décimas e segue a ser a mellor valorada cun 4,19 sobre 10; séguela a estatal, que mellora en medio punto e acada o 4, pero aínda así segue a boa distancia non só do aprobado, senón tamén da puntuación conseguida en xullo do pasado ano (4,54). O apoio da Administración local perde 8 centésimas, ata os 3,18 puntos; mantense como a peor puntuada e, polo tanto, é a única que empeora con relación aos datos de xaneiro.

Valoración do apoio prestado ao sector por parte das distintas administracións (Escala do 0 ao 10)

Valoración (0-10)	1ª onda (xullo 20)		2ª onda (xan. 21)		3ª onda (xullo 21)	
	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica	Media	Desviación típica
Estatal	4,54	2,89	3,49	2,92	4,00	2,92
Autonómica	3,86	2,94	3,60	2,83	4,19	2,95
Local (concellos e deputacións)	3,12	3,20	3,26	3,12	3,18	3,06

Fonte: Elaboración propia

A análise por segmentos pon de manifesto que as peores puntuacións do apoio da Administración estatal veñen da man das empresas do sector das artes escénicas (3,50), as que facturan menos de 50.000 euros (3,52) e as que só teñen 1 ou 2 empregados (3,81). As mellores puntuacións recíbeas por parte das empresas do audiovisual e multimedia (4,39), único sector en que é mellor valorada que a Administración autonómica. Tamén supera a valoración recibida pola Xunta de Galicia entre as empresas de máis de 10 empregados (3,91 fronte a 3,64).

A Administración autonómica colleita as súas mellores valoracións, por riba do 4,5, entre as empresas das artes visuais, as do segundo treito de maior facturación e as de 3 a 5 empregados. Pola contra, a peor puntuación ao apoio da Administración autonómica é a que lles outorgan as empresas do sector dos libros e a prensa (3,98), a das que facturan entre 50.000 e 149.999 euros (3,95) e a das que contan con máis de 10 empregados (3,64).

O apoio da administración local é o que recolle peores puntuacións en todos os segmentos da análise en función do sector de actividade, o nivel de facturación e o número total de empregados. Mesmo se sitúa por debaixo do 2,5 entre as empresas das artes escénicas (2,15) e nas do treito máis baixo de facturación (2,46).

Ademais da puntuación xeral ao apoio brindado polas administracións, sometéronse tamén á valoración das persoas enquisadas as axudas que se lles ofreceron ás empresas para facer fronte aos rigores da pandemia. Un primeiro indicador a este respecto é coñecer que porcentaxe de empresas do sector solicitou estas axudas e a cantas lles foron concedidas. Como se pode comprobar, solicitou algunha axuda o 64,4% das empresas

enquisadas, pero recibiu algunha das solicitadas o 53,7%, xa que a un 8,7% lle foron denegadas e un 2% segue á espera da resolución da Administración.

Empresas segundo se solicitaron ou non axudas ás administracións para facer fronte á crise provocada pola pandemia e se lles foron concedidas (%)

	Nº de empresas	Porcentaxe
Non solicitou ningunha	100	33,3
Solicitounas e foille concedida algunha	161	53,7
Solicitounas, pero fóronlle denegadas	26	8,7
Solicitounas, pero están pendentes de resolución	6	2,0
Ns/Nc	7	2,3

Fonte: Elaboración propia

A resposta máis habitual en todos os segmentos da táboa de cruzamentos é a que afirma que se pediron axudas e se recibiu algunha das solicitadas, pero con porcentaxes moi dispares, pois, mentres que así o indican o 74% das empresas do sector das artes escénicas, tal porcentaxe fica arredor do 51% entre as dos sectores dos libros e a prensa e do audiovisual e multimedia, e sitúase no 46,9% entre as das artes visuais.

Tamén se pode observar que entre as empresas do sector dos libros e a prensa é onde se atopa maior porcentaxe das que non solicitaron ningunha axuda (40,2%) e que as das artes visuais foron as que solicitaron axudas pero que lle foron denegadas nunha porcentaxe máis elevada (12,3%).

Pasando á valoración das axudas, obsérvase que o 48,3% das empresas considéranas bastante positivas e o 18,3% moi positivas, polo que mostra unha opinión favorable o 66,7% delas, mentres que achega unha valoración desfavorable ao xulgalas bastante ou moi negativamente o 23,3%.

Empresas segundo a súa valoración das axudas ás que puideron optar para facer fronte á pandemia (%)

	Nº de empresas	Porcentaxe
Moi positivamente	55	18,3
Bastante positivamente	145	48,3
Bastante negativamente	48	16,0
Moi negativamente	22	7,3
Ns/Nc	30	10,0

Fonte: Elaboración propia

.....

Como hipótese de partida considerouse que o feito de pedir e recibir –ou non– algunha desas axudas podía ter unha clara influencia na valoración destas. Esta hipótese confirmouse ao analizar estas valoracións en función de se as empresas solicitaron e recibiron algunha das axudas, pois constátase que son as que chegaron a recibir algunha as que ofrecen mellor valoración delas (xúlganas moi ou bastante positivamente o 82,6% das empresas que recibiron algunha, fronte ao 19,2% das que as pediron pero fóronlles denegadas). Entre as empresas que non solicitaron axudas valoráranas en termos positivos o 56% e negativamente o 26%.

Por sector de actividade son as empresas das artes visuais e as das artes escénicas as que en maior medida expresan unha opinión favorable sobre o sistema de axudas (valores arredor do 70%, que contrastan co 59,5% das empresas do audiovisual e multimedia). Tamén se observan maiores porcentaxes de resposta favorable canto menor é o volume de persoal das empresas (con valores que medran dende o 56,1% das que teñen máis de 10 empregados ata o 68,6% das que só teñen 1 ou 2).

A análise das percepcións das empresas enquisadas con respecto ás axudas non se limitou ás existentes durante o transcurso da pandemia, senón que prestou tamén atención ás expectativas das persoas enquisadas con respecto ao futuro repartimento dos fondos europeos que se dedicarán á recuperación económica de España. A este respecto quíxose saber ata que punto consideran as empresas da cultura galega que eses fondos deixarán sentir algún impacto sobre o seu sector.

Como mostran os datos, só o 3,7% das persoas enquisadas cre que os fondos europeos terán un impacto moi positivo sobre as empresas do sector cultural galego, mentres que un 26,3% cre que terán, cando menos, un impacto “bastante positivo”. Deste xeito, mostran unha expectativa optimista sobre o grao de proveito que o sector tirará deses fondos o 30% das empresas enquisadas. Un valor tan discreto deixa unha ampla marxe para expectativas non tan positivas, de modo que o escepticismo se reflicte nas respostas de máis da metade da mostra, o 53,7%. Máis concretamente, o 35% das persoas enquisadas cre que eses fondos apenas terán impacto sobre as empresas da cultura galega e un 18,7% considera que non terán ningún impacto.

Empresas segundo a súa valoración do impacto que poden ter as axudas para a recuperación económica de España no sector cultural



	Nº de empresas	Porcentaxe
Impacto moi positivo	11	3,7
Impacto bastante positivo	79	26,3
Apenas terán impacto	105	35,0
Non terán impacto	56	18,7
Ns/Nc	49	16,3

Fonte: Elaboración propia

Segundo a análise por segmentos, pódese observar que a porcentaxe de empresas que consideran que estes fondos terán un impacto moi ou bastante positivo no ámbito da cultura só superan o 35% entre as do sector do audiovisual e multimedia (35,1%), as de maior facturación (37,7%) e as de maior volume de empregados (36,6%). Pola contra, estas porcentaxes fican no 23,9% entre as empresas que facturan menos de 50.000 euros ao ano e non pasan do 16% entre as empresas das artes escénicas.

4. A evolución prevista para o sector nos vindeiros meses

Este apartado recolle as previsións que teñen os distintos sectores culturais a curto, medio e longo prazo. Aínda que as previsións a curto prazo seguen a ser pesimistas, son moito máis favorables que hai un ano e algo máis optimistas que a comezos de 2021. Por outra banda, partindo da idea de que logo dunha crise profunda as empresas poderían atopar novas oportunidades, analízanse aquelas das que consideran as empresas que poderían sacar proveito para un futuro nos seus negocios. A continuación, indágase nas axudas que se puxeron a disposición das empresas para poder afrontar a crise e a súa valoración. Por último, son obxecto de análise as posibles repercusións desta crise sanitaria na percepción social do sector cultural.

4.1. Previsións a curto e medio prazo

Se ben as respostas pesimistas sobre as expectativas para o seu negocio a finais deste ano seguen a ser as máis frecuentes (un 38% augura unha peor situación a finais deste ano que antes da crise), cómpre sinalar que esta porcentaxe é 6,3 puntos inferior á recollida en xaneiro e 20,4 puntos con relación á rexistrada hai un ano con respecto a finais de 2020.

De feito, se se ten en conta a porcentaxe de quen afirma que a finais de 2021 os seus negocios volverán aos niveis de antes (35,3%, 10,3 puntos máis que en xaneiro) e a de quen considera que a finais de ano estarán incluso mellor que antes da pandemia, comprobouse que o 55,3% das empresas do sector encara con optimismo os vindeiros meses.

Empresas segundo as súas expectativas de negocio para finais de ano (%)

	1ª onda (xullo 20) (Referido a finais de 2020)	2ª onda (xan. 21) (Referido a finais de 2021)	3ª onda (xullo '21) (Referido a finais de 2021)
Mellor	8,6	20,0	20,0
Igual	25,7	25,0	35,3
Peor	58,1	44,3	38,0
Ns/Nc	7,6	10,7	6,7

Fonte: Elaboración propia

As expectativas sobre a situación do negocio a seis meses varían notablemente segundo o sector do que se trate. Así, como cabía agardar a teor dos datos analizados ata este punto, o ámbito das artes escénicas é o menos optimista (só o 46% estima que estarán igual ou mellor que antes da pandemia). Esta porcentaxe acada o 62,2% entre as empresas do audiovisual e rolda o 56% nas de libros e prensa e nas artes visuais.

Se se analiza conxuntamente a anterior variable coa que lle solicita a quen cre que a situación estará peor a finais de ano que indique en canto tempo estiman que mellorará, pódese observar que entre ese 38% de empresas pesimistas predominan as que cren que a situación non mellorará ata que transcorra entre un ano e ano e medio (12,7%), aínda que tamén resulta destacable a porcentaxe das que cren que o seu negocio non estará mellor ata pasados 2 anos (11%, cifra 9,3 puntos inferior á de xaneiro).

Empresas segundo a súa valoración da situación dos negocios cara a finais de 2021 (%)

	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Estará mellor	20,0	20,0
Estará igual	25,0	35,3
Non sabe como estará	10,7	6,7
Mellorará cando pasen de 12 a 18 meses	5,3	12,7
Peor Mellorará cando pasen de 18 a 24 meses	10,3	8,3
Mellorará cando pasen máis de 2 anos	20,3	11,0
Non sabe cando mellorará	8,3	6,0

Fonte: Elaboración propia

Esa previsión de que a situación só mellorará pasados dous anos é subscrita principalmente polas empresas do sector das artes escénicas (24%, fronte a porcentaxes que non chegan ao 10% nos demais sectores) e polas que teñen máis de 10 empregados (19,5%, fronte a valores arredor do 8% das que teñen 1 ou 2 ou entre 3 e 5).

En consonancia con aquelas variables que reflicten certo avance cara á normalidade, a porcentaxe de empresas que consideran a posibilidade do peche nos próximos meses redúcese en 7 puntos dende xaneiro (ata o 8,3%) e anota o valor máis baixo da serie temporal. A incerteza ao respecto tamén cae lixeiramente dende comezos de ano (do 4,3% ao 2%).

Empresas segundo a posibilidade de peche empresarial nos seguintes 6 meses (%)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Si	11,9	15,3	8,3
Non	81,8	80,3	89,7
Ns/Nc	6,3	4,3	2,0

Fonte: Elaboración propia

A posibilidade de pechar nos próximos meses aféctalles principalmente ás empresas do sector das artes escénicas (contemplan tal posibilidade o 18% delas, fronte a valores que non pasan do 7,4% nos demais sectores) e ás de menor nivel de facturación –menos de 50.000 euros– (13,4%, en contraste claro co 3,8% das que facturan de medio millón de euros en diante ao ano).

Por sector de actividade e tal e como cabía esperar, pois son as empresas que amosaban peor situación e peores expectativas de futuro, son as vinculadas ás artes escénicas as que presentan maior porcentaxe de resposta afirmativa; é dicir, as que máis están a contemplar a posibilidade de peche nos próximos meses (18%, porcentaxe que non chega ao 8% nos demais sectores). Esa posibilidade é máis considerada canto menor é o treito de facturación (do 3,8% do treito de 500.000 euros en diante pásase ao 13,4% do que non chega aos 50.000 euros).

Ao analizar as expectativas de peche das empresas do sector cultural, resulta tamén de interese observar cantas empresas puideron pechar dende a anterior onda do estudo. Para achegarse a esa cifra pódese anali-

zar a "mortalidade" que se produciu entre as 300 empresas que participaron na segunda edición do estudo, é dicir, o número de peches producidos nesa mostra, o que permitirá achegarse a unha estimación da porcentaxe de empresas que están a desaparecer ao longo da pandemia. Así as cousas, durante a realización do traballo de campo comprobouse que 2 das 300 empresas analizadas en xaneiro cesaron definitivamente a súa actividade recentemente. A estas dúas empresas é posible que se tivese que engadir as 12 que logo de participar nesa edición non puideron ser contactadas de novo por vía telefónica, ben porque o teléfono de contacto empregado na segunda onda agora lle corresponde a outro titular sen ningunha relación coa empresa, ben porque a compañía telefónica indicou que a liña xa non existe. Con estes datos, cabe estimar unha "mortalidade" entre as empresas que participaron na segunda onda do 4,67%. Se se consideran tamén as que, aínda que participaron na primeira onda do estudo, se declararon pechadas ou non puideron ser localizadas para a realización da segunda, obtense un 4,81% de empresas pechadas ou posiblemente pechadas dende o inicio da observación. En calquera caso, son datos que cómpre tomar con cautela pola dificultade de constatar un peche definitivo.

Se en lugar de preguntar polas expectativas a curto prazo para o negocio propio, se fai con respecto ao conxunto das empresas do sector cultural, atopouse maior optimismo. De feito, a agregación da porcentaxe de empresas que cren que a finais deste ano o sector estará "algo mellor que agora" e a das que cren que estará "moito mellor que agora" pasou do 29,7% de hai medio ano ao 48,7% do presente; convértese na percepción predominante e deixa caer case 25 puntos as respostas negativas (do 37% de xaneiro ao 12,3% do presente).

Empresas segundo a súa valoración do estado do sector en 6 meses (%)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Moito mellor que agora	1,0	1,3	7,0
Algo mellor que agora	25,7	28,3	41,7
Igual que agora	19,5	24,0	33,3
Algo peor que agora	29,7	24,0	10,7
Moito peor que agora	16,2	13,0	1,7
Ns/Nc	7,9	9,3	5,7

Fonte: Elaboración propia

Unha forma máis sintética de analizar estas expectativas é considerar as respostas como categorías cuantitativas, é dicir, valores nunha escala do 1 ao 5 que permitan calcular estatísticos como a media ou a desviación típica. Dese xeito, a media de puntuacións para expresar as expectativas sobre a situación do sector a finais deste ano pasa do 2,79 do mes de xaneiro ao 3,44 do momento actual, mentres que a disparidade das respostas, é dicir, a súa desviación típica, se reduce dos 1,08 puntos aos 0,85.

Empresas segundo a súa valoración do estado do sector en 6 meses (escala de 1 a 5) (%)

	Media	Desviación típica
1ª onda (xullo'20)	2,63	1,10
2ª onda (xan. 21)	2,79	1,08
3ª onda (xullo 21)	3,44	0,85

Fonte: Elaboración propia

Se se emprega esa mesma metodoloxía para a análise por segmentos, poderase observar que as mellores expectativas, por sectores, son as que achegan as empresas das artes visuais (3,57) e o audiovisual e multimedia (3,70), mentres que as das empresas dedicadas aos libros e a prensa e ás artes escénicas mostran un valor inferior, pero tamén cun claro predominio das expectativas optimistas (arredor do 3,3). A puntuación media que expresa as expectativas para o sector da cultura no prazo de medio ano é lixeiramente máis elevada canto maior é a facturación das empresas (do 3,34 das que non chegan aos 50.000 euros pásase ao 3,47 das que acadan ou superan o medio millón de euros).

Dado que nas datas en que se realizou esta terceira edición do estudo se estaban a dar pasos no proceso de desescalada das medidas de control da pandemia, quíxose saber ata que punto as empresas do sector cultural galego cren que poderían verse beneficiadas a curto prazo dunha maior mobilidade da poboación e de certa reactivación do turismo e as actividades de lecer.

As percepcións sobre este punto están bastante divididas, pois se ben un 52,6% das empresas enquisadas cre que os seus negocios tirarán moito ou bastante proveito a curto prazo desa desescalada, outro 45,4% sostén a posición contraria e considera que os seus negocios se beneficiarán pouco ou nada deste novo escenario propiciado polo avance da vacinación e o proceso de desescalada.



Empresas segundo a súa valoración do beneficio a curto prazo do proceso de desescalada nos seus negocios (3ª onda - xullo 21)

	Nº de empresas	Porcentaxe
Moito	49	16,3
Bastante	109	36,3
Pouco	86	28,7
Nada	50	16,7
Ns/Nc	6	2,0

Fonte: Elaboración propia

A expectativa optimista, a que prevé que o negocio se vexa moi ou bastante beneficiado a curto prazo do proceso de desescalada, acada o seu valor máis elevado entre as empresas máis prexudicadas ata agora pola pandemia, as das artes escénicas, moi afectadas ademais pola limitación de capacidade dos locais e outras medidas similares. Entre elas responde en termos optimistas o 60%. A visión optimista supera cando menos o 50% entre as dos libros e prensa (53,8%) e o audiovisual e multimedia (51,4%), pero atopa o seu valor máis baixo entre as das artes visuais (46,9%). Por nivel de facturación a resposta positiva ou optimista é 10 puntos inferior entre as empresas do treito de facturación máis baixo (46,3%) que entre as do treito máis elevado (56,6%).

4.2. Oportunidades para o sector cultural

Se as crises poden ser entendidas como oportunidades para a introdución de cambios que resulten favorables, tamén as empresas da cultura galega poden estar atopando na situación actual fiestras de oportunidade para tirar proveito de situacións que ofrezan vantaxes no futuro.

Así as cousas, boa parte das empresas do sector cultural son capaces de albiscar oportunidades, se ben o 31% delas sostén que non ve ningunha, valor que se mantén moi estable ao longo das tres ondas. Na primeira onda, cun 30,8%, era con notable diferenza a resposta máis habitual. Na segunda, cun 32,3%, non impediu que comezase a despuntar como oportunidade a aceleración da dixitalización no sector, que pasaba do 17,5% sinalado seis meses antes ao 22% dese momento. Transcorridos outros seis meses, esa aceleración da dixitalización é sinalada polo 30,3% das empresas. Outra oportunidade que é citada por cada vez máis delas é o

aumento do espazo para a creatividade e a imaxinación (20%, 9 puntos máis que en xaneiro).

Con incrementos menores atópanse as seguintes oportunidades máis identificadas: o impulso ás medidas de conciliación da vida familiar e laboral (16%, 3 puntos máis que na pasada edición do estudo), o impulso á colaboración, alianzas ou concentracións empresariais (14,3%, 1,6 puntos máis), o incremento da profesionalización do sector (13%, 1 punto máis) e a mellora no funcionamento interno das empresas (12,3%, 1 punto máis). O aumento do consumo ou demanda de produtos do sector mantén o 13,3% que mostraba en xaneiro. Finalmente, cómpre apuntar que a única posible oportunidade que foi perdendo porcentaxe de mención ao longo dos tres estudos é a que sinala unha maior implicación e apoio ao sector por parte das administracións públicas (do 15,2% da primeira onda chegouse ao 8,7% da terceira).

Empresas segundo a súa valoración do tipo de oportunidades que poden presentarse a raíz da crise no seu sector (RESPOSTA MÚLTIPLE)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Aceleración da dixitalización no sector	17,5	22,0	30,3
Máis espazo para a creatividade e a imaxinación	9,6	11,0	20,0
Impulso ás medidas de conciliación da vida familiar e laboral (teletraballo, flexibilidade horaria...)	7,9	13,0	16,0
Impulso á colaboración, alianzas e/ou concentracións empresariais	12,9	12,7	14,3
Aumento do consumo/demanda de produtos do sector	12,3	13,3	13,3
Incremento da profesionalización do sector	11,6	12,0	13,0
Melloras no funcionamento interno das empresas e incremento da produtividade	11,9	11,3	12,3
Maior implicación e apoio ao sector por parte das administracións públicas	15,2	10,3	8,7
Non ve ningunha oportunidade	30,8	32,3	31,0
Outras	4,3	6,3	3,3
Ns/Nc	17,2	12,3	5,3

Fonte: Elaboración propia

Só o 18,9% das empresas do sector do audiovisual e multimedia nega que desta crise se poidan derivar oportunidades (cifra que supera o 25% nos demais sectores e chega ao 46% entre as das artes escénicas). En consecuencia, son as que en maior medida apuntan algunhas oportunidades. Dese xeito, son as que afirman que desta crise se derivará a aceleración da

dixitalización no sector (43,2%, valor que fica no 8% entre as empresas das artes escénicas, se ben supera cando menos o 31% nos dous sectores restantes). A confianza nesa aceleración é máis sinalada canto maior é o tamaño da empresa en termos de facturación e de volume de persoal.

O incremento do espazo para a creatividade e a imaxinación é especialmente sostido polas empresas dedicadas aos libros e a prensa e polas do audiovisual e multimedia (23,5% e 21,6%, respectivamente, fronte ao 16% dos dous sectores restantes).

O sector audiovisual e multimedia volve destacar neste caso pola súa confianza en que a crise producirá un impulso ás medidas de conciliación da vida familiar e laboral (24,3%, en claro contraste co 8% das artes escénicas). A mención desta oportunidade é maior canto maior é tamén o treito de facturación (do 9% do máis baixo pásase ao 20,8% do máis alto).

As empresas do sector audiovisual destacan novamente na súa confianza no impulso á colaboración, alianzas ou concentracións empresariais (21,6%, de novo fronte ao 8% das artes escénicas) ou que aumentará o consumo ou demanda de produtos do seu sector (29,7%, en claro contraste con valores entre o 9,9% e o 12,1% dos tres sectores restantes).

O incremento da profesionalización do sector é especialmente citado polas empresas das artes escénicas (20%), que tamén destacan ao confiar en que a crise conseguirá unha maior implicación e apoio por parte das administracións públicas (12%). En todo caso, como xa se indicou, o das artes escénicas é o sector que en maior medida cre que a crise non está a xerar ningunha oportunidade (46%).

4.3. Medidas de reactivación

Aínda que perden 5 puntos porcentuais dende xaneiro, as axudas directas ou as subvencións a fondo perdido seguen a ser as medidas máis demandadas polas empresas da cultura galega como chave para a reactivación (50,3%). Con 8 puntos menos, a segunda medida máis citada segue a ser a supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais (44,7%). Porén, a terceira posición, que en xaneiro a ocupaban as axudas fiscais, correspóndelle agora ao incremento do gasto público en produtos e servizos culturais,

pois esta é a única medida que incrementa a súa porcentaxe de mención (en 4 puntos e sitúase agora no 37,7%).

As axudas fiscais, como bonificacións ou deducións, que ocupaban o terceiro lugar en xaneiro, citadas polo 44,7% das empresas enquisadas entón, perden 8,7 puntos e pasan á cuarta posición, cun 36%.

En quinto e sexto lugar atópanse medidas como a reactivación canto antes dos circuítos de concertos e teatros (25,7%, 4,3 puntos menos que en xaneiro) e a flexibilización e rapidez das axudas (24,7%, 13,6 puntos menos). Cunha porcentaxe moi similar á de xaneiro, só 0,7 puntos menos, a sétima medida máis sinalada é o incremento das capacidades dos locais permitidas nas salas de concerto, teatros, cines etc. (23,3%).

Pero a caída máis acusada na mención das medidas que adoptar é a que atinxe ao adiamento no pago de impostos e seguros sociais, que pasou do 24% de xaneiro a un valor moito máis próximo ao da primeira edición do estudo, 13,7% (15 puntos menos).

Empresas segundo as medidas que consideran necesarias para reactivar o seu sector empresarial (RESPOSTA MÚLTIPLE)

	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Axudas directas / subvencións a fondo perdido	45,2	55,3	50,3
Supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais	40,9	52,7	44,7
Incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (libros, cine, TV, concertos, teatro etc.)	22,9	33,7	37,7
Axudas fiscais (bonificacións / deducións)	40,5	44,7	36,0
Reactivación canto antes dos circuítos de concertos e teatros	13,6	30,0	25,7
Flexibilización e rapidez das axudas	31,2	38,3	24,7
Incremento da capacidade dos locais permitidos nas salas de concerto, teatros, cines etc.	7,0	24,0	23,3
Adiamento no pago de impostos e seguros sociais	26,6	36,7	21,7
Flexibilización do mercado laboral	14,0	24,0	13,7
Outras	5,6	10,3	9,3
Ns/Nc	15,3	8,7	3,7

Fonte: Elaboración propia

As empresas da cultura galega están a requirir de medidas de apoio de distinta índole segundo o sector de que se trate. As distintas situacións duns e doutros sectores poden apreciarse ao longo de todo este informe na análise por segmentos correspondente, que ten tamén o seu reflexo

nas demandas que se dirixen aos decisores políticos como apoios indispensables para a reactivación da empresa cultural galega.

Esta disparidade por sectores pódese comprobar atendendo, en primeiro lugar, ás medidas máis demandadas polas empresas das artes escénicas, que, como se puido comprobar ao longo deste informe e tamén nas anteriores edicións do estudo, conforman o sector máis prexudicado polas limitacións impostas pola pandemia e, polo tanto, o que mostra peor situación na maior parte dos indicadores. Dada esa situación, non é de estrañar que sexa o sector que máis demanda medidas como o incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (60%), axudas directas ou subvencións a fondo perdido (58%), a reactivación canto antes dos circuítos de concertos e teatros (50%) ou o incremento da capacidade dos locais permitida nas salas de concerto, teatros, cines etc. (46%). Ademais, sitúanse moi preto das empresas do sector audiovisual e multimedia ao demandaren medidas como axudas fiscais (40%), flexibilización e rapidez das axudas (28%) e adiamento no pago de impostos ou seguros sociais (24%).

As empresas do audiovisual e multimedia son as que máis demandan axudas fiscais (43,2%) e a flexibilización e rapidez das axudas (29,7%), pero tamén destacan na mención das axudas directas ou subvencións a fondo perdido (56,8%) e na reactivación dos circuítos de concertos e teatros (43,2%).

As empresas dedicadas aos libros e a prensa son as que en maior medida demandan a supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais (51,5%).

4.4. Repercusións da crise na percepción social do sector cultural

Consolidase entre as empresas do sector cultural a crenza de que tras a crise a percepción do sector por parte da sociedade permanecerá igual que antes (57,3%, 4,3 puntos máis que en xaneiro), pois nos últimos meses reduciuse lixeiramente tanto a porcentaxe de quen consideraba que o sector sería mellor valorado (do 30,4% ao 27,7%), como a de quen prevía unha deterioración desa valoración (do 12% ao 9%).

Empresas segundo a súa valoración de como afectará a situación resultante tras a crise á percepción do seu sector por parte da sociedade (%)



	1ª onda (xullo 20)	2ª onda (xan. 21)	3ª onda (xullo 21)
Será moito máis valorado	4,0	6,7	6,0
Será algo máis valorado	23,1	23,7	21,7
Permanecerá igual	50,2	53,0	57,3
Será algo menos valorado	12,9	8,7	7,3
Será moito menos valorado	5,3	3,3	1,7
Ns/Nc	4,6	4,7	6,0

Fonte: Elaboración propia

Dado que se trata de pequenas variacións, a puntuación media que expresa a valoración que, segundo as empresas, recibirá o sector por parte da poboación é practicamente idéntica á de xaneiro, un 3,24 (só 1 centésima superior e 0,16 puntos maior que a de xullo do pasado ano). Deste xeito, a opinión conxunta da mostra nesta variable segue en valores correspondentes ao “permanecerá igual”, aínda que cunha moi lixeira inclinación cara á mellora desa percepción.

Empresas segundo a súa valoración de como afectará a situación resultante tras a crise á percepción do seu sector por parte da sociedade (Puntuación de 1 a 5)

	Media	Desviación típica
1ª onda (xullo'20)	3,08	0,87
2ª onda (xan. 21)	3,23	0,84
3ª onda (xullo 21)	3,24	0,76

Fonte: Elaboración propia

Empregando ese mesmo cálculo para a análise por segmentos, obsérvase que as empresas que máis confían na mellora da percepción do sector tras a crise son as do audiovisual e multimedia (3,44) e as que menos son as dedicadas aos libros e a prensa (3,17).

Conclusións

Este documento de traballo intégrase dentro do estudo sistemático que o Consello da Cultura Galega está a realizar dende o mes de xullo do pasado ano 2020 do impacto da crise sanitaria e económica da COVID-19 nas empresas do sector cultural galego. Trátase da terceira edición dese estudo e, coma nas dúas edicións anteriores (xullo 2020 e xaneiro 2021), as 300 empresas que conforman o grupo de análise axústanse a un deseño mostral previo en consonancia coa distribución de cada sector de actividade den-

tro do universo empresarial do sector cultural en Galicia. Nesta terceira onda os índices de representación son como segue: o 44% das empresas dedícase aos libros e á prensa, o 27% ás artes visuais, o 16,7% ás artes escénicas e o 12,3% ao sector audiovisual e multimedia.

A actividade das empresas culturais galegas segue avanzando cara á recuperación. Se entre xuño de 2020 e xaneiro de 2021 a porcentaxe de empresas “cunha actividade normal” se incrementou en case 9 puntos, dende xaneiro ata o presente medrou noutros 12 puntos adicionais, de xeito que están nesa situación o 66% das empresas enquisadas.

Ao igual que en xaneiro, esta porcentaxe media agocha unha clara diferenza segundo sectores, xa que baixa ata o 36% no caso das artes escénicas. Este sector segue sendo claramente o que se atopa en peor situación, pois ten o 20% das súas empresas sen ningunha actividade (fronte a valores inferiores ao 3% nos tres sectores restantes).

Incrementábase a porcentaxe de empresas con todo ou case todo o seu cadro de persoal activo (82,3% fronte ao 77% do anterior estudo), situación máis frecuente nas empresas das artes visuais e os libros e prensa, mentres que, consecuentemente co dato de actividade, no caso das artes escénicas esta porcentaxe fica no 62%.

A porcentaxe de empresas con algún persoal en situación de teletraballo segue tamén a reducirse, desta vez en 3,7 puntos dende xaneiro, ata o 22,3%. Por sectores, está a ser máis empregado polas empresas do audiovisual e multimedia. As empresas do treito de maior facturación son as que máis apostan polo teletraballo. A razón principal pola que algunhas empresas non fan uso deste tipo de ferramentas é porque a súa actividade non é compatible co traballo en remoto.

Segue a predominar unha visión positiva do teletraballo entre as empresas que fan uso desta posibilidade (62,7%) e dende xaneiro incrementouse en 17,4 puntos a porcentaxe que considera que tal modalidade permanecerá despois da crise sanitaria (68,7%). Todos estes indicadores apuntan a que o teletraballo resulta positivo para algunhas actividades, que o incorporarán na súa organización e que é unha medida temporal imposta pola pandemia para outras nas que a presencialidade é esencial (comercio, espectáculos etc.)

.....

A análise das medidas adoptadas polas empresas do sector cultural para afrontar as dificultades creadas pola pandemia reforza a tendencia observada en xaneiro, pois a porcentaxe de empresas que non está a aplicar ningunha medida específica seguiu medrando de forma acelerada: do 5,3% de xullo de 2020 chegárase ao 34,9% en xaneiro de 2021, para nos últimos seis meses medrar de novo, desta vez ata o 50,7%.

Consecuentemente, entre as que si aplican algunha medida no presente as máis recorrentes fóronse aplicando cada vez menos co paso dos meses. É o caso mencionado do teletraballo, e especialmente dos ERTE (que pasan de aplicarse no 38,6% ao 12,7% das empresas), do establecemento de quendas ou modificación do horario laboral (do 27,4% ao 11,3%) ou da redución de actividade (do 36% ao 11%). Pero a medida que experimentou maior caída dende a primeira onda ata a terceira foi o cesamento de actividade da empresa (do 61,4% de xullo do pasado ano ao 4,3% do xullo do presente 2021).

Aínda que as empresas da cultura galega viron notablemente afectada a súa facturación pola crise da COVID-19, ao comparar a porcentaxe de facturación do primeiro semestre de 2021 en relación co mesmo período de 2019 e 2020, vólvese atopar un novo indicio de recuperación: nos últimos 12 meses reduciuse do 37,6% ao 9% a porcentaxe de empresas que experimentaron caídas de máis do 75% respecto das cifras de 2019. Tamén baixou a porcentaxe das que reduciron a facturación entre o 51% e o 75% e, se na primeira onda só un 5,6% das empresas afirmaban que non viran afectada a súa facturación, esa porcentaxe é agora do 19%.

Pese ao positivo desta evolución, a segunda conclusión que se extrae dos datos é que a facturación das empresas nesta primeira metade de 2021 aínda se ve moi afectada pola pandemia, pois o 75,7% das empresas enquisadas segue a padecer unha facturación inferior á de 2019, das que o 27% relata perdas de máis do 50% con respecto a aquel ano.

As empresas das artes escénicas son as que en maior medida padeceron caídas na facturación superiores ao 50% (o 58% delas, porcentaxe que non pasa do 15,9% no sector dos libros e a prensa ou do 22,2% no das artes visuais).

En todo caso, a evolución positiva apréciase tamén nas expectativas relativas ao conxunto de 2021. Así, se en xullo de 2020 un 46,6% das em-

presas estimaba unha redución da facturación superior ao 50% ao final de ano, esta cifra baixa ata o 20% con relación á facturación estimada para o conxunto de 2021. Por outra parte, se en xullo do pasado ano só o 3,3% das empresas tiña a expectativa de non ter perdas na facturación, tal porcentaxe é hoxe do 22,7%.

Probablemente, verbo desta caída dos ingresos, o 53,4% das empresas adiou ou desbotou os investimentos que tiña previsto realizar por culpa da crise da COVID-19. Esta porcentaxe é só 3,4 puntos inferior á recollida en xaneiro.

Algúns dos problemas que están a afrontar as empresas presentaron porcentaxes de mención moi similares nas tres medicións do estudo, mentres que outros experimentaron fortes variacións, froito dunha realidade moi voluble ao longo da pandemia en función das medidas de contención adoptadas en cada momento. Os dous problemas máis citados seguen a ser o cesamento ou caída da actividade da clientela (74,7%) e as dificultades de tesourería (38%), pero os dous afectan en menor medida nesta onda do estudo. Outros problemas que son agora menos frecuentes son as dificultades para pagar impostos e seguros sociais, os problemas de distribución, a inseguridade xurídica e as dificultades de financiamento. Só dous problemas están lixeiramente máis estendidos hoxe que en xaneiro: os relacionados cos provedores, como as carencias de subministracións ou servizos externalizados, e os derivados dos requisitos das medidas de seguridade e hixiene. Dende xaneiro mantense inalterado, en cambio, o terceiro máis citado, as limitacións de capacidade dos locais (32,3%).

Entre a segunda e a terceira onda do estudo, a porcentaxe de empresas do sector cultural que tiveron que reducir os seus cadros de persoal mantivo a súa tendencia de lixeiro crecemento (2,6 puntos máis dende xaneiro, que se suman aos 3,5 puntos que medrara entre xullo e xaneiro), o que evidencia que, a pesar da paulatina adaptación á nova situación, aínda quedan empresas con dificultades que teñen que recorrer ao despedimento. O dato recollido a través deste indicador sinala que o 15,3% das empresas da cultura galega tivo que prescindir de traballadores nalgún momento dende o inicio da pandemia. A maior destrución de emprego segue a ter lugar entre as empresas das artes escénicas.



Porén, a pesar de que se confirma esta tendencia, tamén se constata a existencia de empresas que están a recuperar o emprego previamente destruído, pois un 2,3% do conxunto da mostra fixo despedimentos pero con novas contratacións posteriores volveron ter o volume de persoal anterior e mesmo un 1%, tras ter que botar man dos despedimentos, hoxe en día superou coas novas contratacións o volume de persoal do que prescindira. A partir deste cálculo e entre as empresas participantes nesta terceira onda, a porcentaxe de empresas que teñen menos empregados que ao principio da pandemia é do 12%.

Pese aos axustes de persoal producidos e a que certas empresas xa están a recuperar emprego, tamén segue presente a posibilidade de que se continúe afondando na destrución de emprego, pois o 9% empresas contempla a posibilidade de facer novos despedimentos nos próximos meses. En todo caso, cómpre destacar que se trata dun valor considerablemente inferior ao 17,3% que se rexistraba en xaneiro ou ao 17,8% de xullo do pasado ano, polo que tamén este indicador apunta cara a unha certa mellora da situación. Na mesma liña, cabe apuntar que, ademais de reducirse a porcentaxe de empresas en risco de ter que despedir, tamén se reduce o número de traballadores de que se prescindiría.

Nesta terceira edición do barómetro tamén se analizaron as repercusións dos programas de axudas públicas para as empresas da cultura. Os datos indican que o 64,4% das empresas enquisadas solicitou algunha axuda pública e chegou a percibilas máis da metade do total da mostra (53,7%). A un 8,7% fóronlle denegadas e un 2% segue á espera da resolución. Entre as empresas das artes escénicas, esta porcentaxe acadou o 74%, mentres que fica arredor do 51% entre as dos sectores dos libros e a prensa e do audiovisual e multimedia, e sitúase no 46,9% entre as das artes visuais.

Estas axudas son consideradas como moi ou bastante positivas polo 66,7% das empresas do sector, mentres que as xulga en termos negativos o 23,3%. Entre as empresas que recibiron algunha das axudas, as valoracións positivas acadan o 82,6%. En contraste, só o 30% das empresas do sector cultural galego alberga expectativas optimistas con respecto ao posible proveito que poida tirar o sector cultural do futuro repartimento dos fondos europeos que se dedicarán á recuperación económica de España. Esta porcentaxe non pasa do 16% entre as empresas das artes escénicas.

.....

Malia este esforzo do sector público, ao igual que nas dúas ondas anteriores do estudo, ningún dos tres niveis da Administración pública acadou o aprobado polo seu apoio ás empresas culturais. Pese ao incremento nas medias das administracións estatal e autonómica, os datos volven achegar puntuacións inferiores ao 5 nas tres administracións. A Administración autonómica mellora en case 6 décimas e segue a ser a máis valorada cun 4,19; séguese a estatal, que sobe en medio punto e acadou o 4, pero aínda así segue a boa distancia do aprobado. A valoración media da Administración local fica no 3,18; mantense como a peor puntuada e é a única que empeora con relación aos datos de xaneiro.

Entre as medidas de reactivación propostas polas empresas obsérvase na maior parte delas unha caída na súa porcentaxe de mención, salvo no caso do incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (que se incrementa en 4 puntos dende xaneiro e se sitúa como a terceira máis citada). Polo demais, as medidas máis apuntadas son as axudas directas e subvencións a fondo perdido (50,3%), a supresión ou rebaixa de impostos e seguros sociais (44,7%), o citado incremento do gasto público en produtos e servizos culturais (37,7%) e as axudas fiscais (36%).

En canto ás perspectivas de futuro, o sector móstrase dividido sobre as expectativas que a curto prazo poden xerar as medidas de desescalada que se estaban a aplicar a principios do verán, xa que un 52,6% das empresas enquisadas cre que os seus negocios obterán moito ou bastante proveito a curto prazo deste proceso, outro 45,4% considera que se beneficiarán pouco ou nada. De feito, o 31% das empresas non ve ningunha oportunidade de futuro a raíz da actual crise. Igualmente, consolídase entre as empresas do sector cultural a crenza de que tras a crise a percepción do sector por parte da sociedade permanecerá igual que antes (57,3%, 4,3 puntos máis que en xaneiro), pois nos últimos meses reduciuse lixeiramente a porcentaxe tanto de quen consideraba que o sector sería mellor valorado (dun 30,4% ao 27,7%), como a de quen prevía unha deterioración desa valoración (do 12% ao 9%).

A pesar desta actitude pesimista e aínda que un 38% das empresas augura que os seus negocios estarán en peor situación a finais deste ano que antes da crise, esa porcentaxe é 6,3 puntos inferior á que se recollía hai un ano respecto a finais de 2020. Ademais, se se consideran conxuntamente as empresas que cren que finais deste ano estará igual que antes

da pandemia e as que cren que estarán incluso mellor, obsérvase que o 55,3% das enquisadas encara con optimismo os vindeiros meses. En consonancia con aquelas variables que reflicten certo avance cara á normalidade, a porcentaxe de empresas que contemplan a posibilidade do peche nos próximos meses redúcese en 7 puntos dende xaneiro (ata o 8,3%) e anota o valor máis baixo da serie temporal. A posibilidade de pechar en breve segue afectándolles principalmente ás empresas do sector das artes escénicas (18%), pero tamén ás do menor tramo de facturación (13,4%).

No referente ás expectativas do conxunto das empresas do sector cultural, obsérvase maior optimismo. De feito, a porcentaxe de empresas que cren que a finais deste ano o sector estará “mellor que agora” pasou do 29,7% de hai medio ano ao 48,7% do presente; convértese na percepción predominante e deixa caer case 25 puntos as respostas negativas (do 37% de xaneiro ao 12,3% de agora). Entre as empresas que prevén que a crise ofrezca oportunidades, destaca a dixitalización do sector, que segue crescendo en importancia (30,3%, 8,3 puntos máis que en xaneiro), o aumento do espazo para a creatividade e a imaxinación (20%, 9 puntos máis) e o impulso ás medidas de conciliación da vida laboral e familiar (16%, 3 puntos máis). Superan tamén o 10% de mención oportunidades como o impulso á colaboración, alianzas e concentracións empresariais (14,3%), o aumento do consumo ou demanda de produtos do seu sector (13,3%), o incremento da profesionalización (13%) e a mellora no funcionamento interno das empresas (12,3%).